



MEMORIA

DE ACTIVIDADES 2015

Coordinadora Galega de ONGD



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento

The background of the entire page is a repeating pattern of stylized hands and doves in a light beige color. The hands are open and facing upwards, while the doves are in flight, facing right. The pattern is dense and covers the entire page.

Memoria de Actividades 2015 da Coordinadora Galega de ONGD

EDITA

Coordinadora Galega de ONGD
Rúa Basquiños 33, 1º A – 15704 Compostela
www.galiciasolidaria.org

REDACCIÓN

Coordinadora Galega de ONGD

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Marta Conde

IMPRIME

Tórculo artes gráficas S.L. Marzo 2016

Algunhas das actividades organizadas e desenvolvidas pola Coordinadora e das que se dan conta nesta memoria contaron co apoio financeiro da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE).

Estas memorias foron impresas en papel reciclado e ambientalmente sostible.

W C I D N '

05

PRESENTACIÓN

09

O QUE FOI O 2015

13

QUEN SOMOS?

19

CAMPAÑAS

29

INCIDENCIA POLÍTICA

35

XORNADAS E FORMACIÓNS

41

TRABALLO EN REDE

45


COMUNICACIÓN

51

TRANSPARENCIA



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento

The background of the entire page is a repeating pattern of stylized hands holding hearts. The hands are depicted in a light blue color, and the hearts are in a slightly darker shade of blue. The pattern is dense and covers the entire area, creating a textured, positive background.

PRESENTACIÓN



QUE É A COORDINADORA?

A Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento é unha asociación sen ánimo de lucro que aglutina, en 2015, 44 ONGD que traballan no eido da cooperación internacional, a axuda humanitaria e a educación para o desenvolvemento. A Coordinadora naceu en 1992 e dende entón é moito o traballo que leva feito para denunciar as causas estruturais da pobreza e as desigualdades; para promocionar o fortalecemento do sector das ONGD en Galicia; e para conseguir unha política pública de cooperación de calidade en Galicia e no Estado español.

POR QUE UNHAS MEMORIAS?

Dende a Coordinadora asumimos como unha responsabilidade máis dentro das nosas funcións como representantes de parte da sociedade civil galega, a transparencia e rendición de contas. Este documento é unha forma máis que as 44 ONGD integradas na Coordinadora temos de contar á cidadanía galega que é o que somos e que é o que fixemos ao longo do último ano.

DICIONARIO BÁSICO

No mundo da cooperación ao desenvolvemento empregamos algunhas palabras e termos cos que igual non estades familiarizad@s. A continuación deixamos un pequeno apunte de significados que seguro vos axuda a seguir mellor estas páxinas

Cidadanía global

Os cidadáns e as cidadás globais interésanse en coñecer e reflexionar criticamente sobre os problemas globais e sobre o efecto que estes teñen sobre as persoas. Respectan, valoran e celebran a diversidade. Indígnanse diante das inxustizas e a exclusión. E participan e se comprometen activamente na vida cidadá nos seus diferentes niveis para poder conseguir un mundo xusto e inclusivo: un mundo máis humano. Ademais, teñen capacidade crítica, analizan a realidade e propoñen alternativas transformadoras nas que participan.

Educación para o Desenvolvemento (ED)


É unha estratexia para a transformación social, é dicir, unha estratexia para a construción dunha cidadanía global crítica e activa que actúa a favor da xustiza social e a equidade no mundo. A ED é un proceso educativo dinámico, interactivo e participativo orientado á formación integral das persoas para á súa concienciación e comprensión das causas das desigualdades no mundo e para o seu compromiso para a acción participativa e transformadora.

Comunicación para o Desenvolvemento

Aposta polas ferramentas e habilidades comunicativas para contribuír ao cambio social. O obxectivo é darlle voz ás persoas, principalmente aos sectores oprimidos ou invisibilizados



da sociedade, para que expresen a súa propia visión das problemáticas, se empoderen e participen na toma de decisións ao respecto, erixíndose en protagonista da transformación cara un mundo máis xusto e igualitario. A comunicación para o desenvolvemento permite traballar contidos e actitudes dun xeito eficaz a través das novas tecnoloxías. E ao tempo, contribúe a visibilizar outras realidades.

The background of the entire page is a repeating pattern of stylized, light blue icons. Each icon consists of a hand with fingers spread, positioned above a circular shape that resembles an eye or a camera lens. The pattern is dense and covers the entire surface.

O QUE FOI O 2015





NO MUNDO

O ano 2015 será tristemente recordado porque un millón de persoas cruzaron o Mediterráneo fuxindo da fame e a guerra e centos delas morreron ao intentalo. O mundo está a vivir o maior éxodo despois da Segunda Guerra Mundial e os rexistros da Axencia da ONU para as Persoas Refuxiadas (ACNUR) superan a cifra de 60 millóns de persoas desprazadas de forma forzosa en todo o planeta. Pola súa banda, A UE mostrouse ata o de agora incapaz de responder a esta crise humanitaria garantindo os dereitos humanos e a legalidade internacional.

Hoxe, no mundo, unha de cada 122 persoas deixou o seu fogar como consecuencia dos conflitos, a persecución e as violacións dos dereitos humanos. Na República Centroafricana, en Iraq, en Siria, no Congo, en Sudán do Sur, en Somalia, en Nigeria, en Afganistán... E a estas cifras hai que sumarlle os centos de persoas que migran todos os días por motivos económicos

Ao tempo que miles de persoas se xogaban a vida para chegar a Europa, a Asemblea de Nacións Unidas aprobou en setembro a Axenda de Desenvolvemento Sostible, un novo compromiso dos gobernos do mundo para poñer fin a pobreza e acabar coas desigualdades. O documento colle o relevo da Declaración do Milenio a través da cal a ONU se comprometeu o ano 2000 a alcanzar oito obxectivos vinculados coa redución da pobreza, o acceso á educación, a igualdade de xénero, a saúde materna e infantil e a redución do VIH/SIDA, entre outras cuestións, antes de finalizar o ano 2015. Xa en 2010, na reunión plenaria de alto nivel da Asemblea da ONU para examinar o progreso do cumprimento da Declaración do Milenio os gobernos instaron a idear medidas para promover o programa de desenvolvemento máis alá de 2015 visto que non se alcanzaría nese período de tempo. Esa foi a orixe da nova Axenda de Desenvolvemento Sostible que dende xaneiro de 2016 marca os retos a abordar ata o ano 2030 para conseguir acabar coas desigualdades e acadar un mundo xusto e igualitario. Unha axenda que é criticada por moitos sectores e colectivos que ven unha vez máis como os compromisos se traducen en intencións que non son de obrigado cumprimento.

Tamén en 2015 tivo lugar o Cumio de Nacións Unidas polo Cambio Climático. Foi no mes de decembro en París e o motivo era asinar un compromiso vinculante e internacional para a redución dos gases de efecto invernadoiro e para frear o aumento da temperatura global. Aínda que os titulares dos principais xornais da prensa mundial falaban de “acordo histórico” as organizacións sociais e ecoloxistas denunciaron que, despois da derradeira negociación, o documento final non obriga ao cumprimento de accións para a descarbonización da economía e a erradicación dos combustibles fósiles.



NO ESTADO ESPAÑOL E GALICIA


A aprobación da Lei de Seguridade Cidadá, coñecida como a Lei Mordaza, será recordada nas hemerotecas de 2015. A lei foi aprobada en xuño polo goberno español cos votos en contra de todos os partidos da oposición no Congreso. Os movementos sociais, as ONGD e todo tipos de colectivos sociais e políticos pedimos a paralización dunha lei que limita dereitos fundamentais como o de non discriminación por ideoloxía política, o dereito á intimidade e a liberdade persoal e o dereito á información e á lexitima defensa, entre outros.

O ano 2015 tamén será recordado pola celebración das eleccións municipais que deron lugar a importantes cambios de cor política en moitas cidades. E por unhas eleccións españolas que o 20 de decembro deron lugar a unha composición política no Congreso que deixaba clara a necesidade de pactos múltiples, ata o de agora non vistos, para investir un presidente.

En Galicia, e xa no eido da cooperación internacional, en 2015 mantívose o orzamento mínimo dedicado a cooperación ao desenvolvemento: 4 millóns de euros que representan o 0,04% do orzamento total da Xunta. Unha cifra nas antípodas do 0,7% esixido polo sector e que mantén as cifras do recorte de máis do 60% que a política pública de cooperación galega ven arrastrando dende 2009. Aínda así, as ONGD seguimos incidindo para mudar esta realidade.

E aínda que novos informes amosaban que 85 persoas acumulan tantos recursos como 3.570 millóns de seres humanos en situación de pobreza, a maioría mulleres e nenas, non todo foron malas novas en 2015. Queda para a posteridade todas as vitorias individuais e colectivas na defensa dos dereitos das persoas; a solidariedade e resistencia da cidadanía que esixe á UE que cumpra a legalidade coas persoas refuxiadas; as persoas que conseguen refacer as súas vidas lonxe das súas casa e o voluntariado que atende a primeira liña da costa quen migrou a bordo dunha barca inchable. Queda tamén para a lembranza as persoas que se desprazaron ata París para seguir de preto as negociacións no Cumio do cambio climático e as persoas que dende os seus países e comunidades traballan colectivamente para mudar a realidade. Non esqueceremos tampouco a resposta dos movementos sociais que defenden, dende a práctica diaria, un mundo xusto e sen violencias; os homes e as mulleres que traballan nas ONGD para garantir os dereitos das persoas que son discriminadas pola súa cor de pel, polo seu xénero ou pola falta de recursos económicos.



The background of the entire image is a solid yellow color. Overlaid on this background is a repeating pattern of stylized, light-yellow hands. Each hand is depicted with fingers spread, palm facing forward, and a small heart shape is visible on the palm. The hands are arranged in a grid-like fashion, slightly offset from one another to create a sense of depth and movement.

QUEN SOMOS?





A Coordinadora conta con 44 ONG de Desenvolvemento integradas. En 2015 incorporáronse tres novas ONGD (Educo, Fundación SEMG e Viraventos) e dúas déronse de baixa (ONG Lena e Unicef). Este é o mosaico das organizacións que hoxe forman parte da Coordinadora:





Na Asemblea Xeral da Coordinadora están representadas todas as ONGD integradas. En 2015, houbo dúas convocatorias de Asemblea: unha ordinaria, o 24 de abril; e a outra extraordinaria, o 12 de decembro.



ASEMBLEAS




A Xunta Directiva é o órgano de goberno da Coordinadora, a cal está formada por representantes de distintas ONGD elixidas pola Asemblea.



A actual Xunta Directiva está constituída por:

NOME	CARGO	ONGD REPRESENTANTE
.....Gema Filgueira Garrido	Presidencia	Médicos do Mundo
.....María Paz Gutiérrez	Vicepresidencia	Solidariedade Internacional de Galicia
.....Patricia Iglesias Fernández	Tesourería	Enxeñería sen Fronteiras
.....Alejandro Quiñoá Casteleiro	Secretaría	Asemblea de Cooperación pola Paz
.....Laura Casal Guillén	Vogalía	Amigo da Terra
.....Lorena Seijo Sanmiguel	Vogalía	Asociación Galega de Reporteiros Solidarios
.....Patxi Durán Hurtado	Vogalía	Ecos do Sur
.....Maika Beltrán Moreira	Vogalía	Oxfam Intermon
.....Gonzalo Gesto Quiñoy	Vogalía	Panxea



A Coordinadora conta tamén con Comisións de Traballo. Son grupos de traballo especializados en determinadas temáticas vinculadas á cooperación e á solidariedade no que participan representantes das ONGD integradas e tamén de ONGD e outros colectivos que non forman parte da Coordinadora. Nestes espazos de traballo, as ONGD fórmanse, reflexionan e traballan de xeito colaborativo.

As Comisións que actualmente están en funcionamento son a de Educación para o Desenvolvemento; a de Incidencia Política; e a de Normativa e Código de Conduta. As Comisións de Comercio Xusto e Xénero atópanse paralizadas.

Ademais destes grupos de traballo sectorial, a Coordinadora tamén conta con tres grupos territoriais en Coruña, Vigo e Lugo. O obxectivo destes grupos é promover o coñecemento e traballo conxunto das ONGD que teñen presenza nun mesmo territorio e descentralizar parte das actividades da Coordinadora, que ten a súa sede en Compostela. Estes grupos territoriais son de recente creación (2014) e contan cunha importante participación e implicación a nivel local.

A Coordinadora tamén conta cunha equipo técnico formado por tres persoas contratadas que traballan nas áreas de administración; de comunicación externa e sensibilización; e de xestión de proxectos.





CAMPAÑAS





Ao longo do ano, a Coordinadora impulsou e participou en diversas campañas de sensibilización dirixidas á cidadanía galega. O principal obxectivo destas campañas foi achegar información que permita tomar consciencia sobre as problemáticas mundiais amosando algunhas das causas das desigualdades internacionais e a pobreza; e as posibles alternativas para o cambio.

X SOLIDARIO

A Coordinadora, xunto á Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia) e o CERMI, participou na presentación e difusión da campaña do X Solidario. Esta é unha campaña impulsada a nivel estatal que ten por obxectivo promover que cada contribuínte marque na declaración da renda o recadro de Fins Sociais para que o 0,7% da súa cota íntegra se destine a financiar programas dirixidos a colectivos e persoas que están en situación de vulnerabilidade. O X Solidario permite decidir a que queremos destinar unha parte dos nosos impostos: a proxectos de acción social, de cooperación ao desenvolvemento e de medio ambiente. En 2015, presentáronse os datos da recadación de 2014 que amosaron que en Galicia aínda un 46,3% de persoas non marcou o X Solidario: 404.335 que non marcaron ningún recadro e 181.061 que só marcaron o da Igrexa.



Na túa declaración da renda marca "Fins Sociais"

Agora é o momento de elixir se queres que parte dos teus impostos axuden a millóns de persoas... ou non.
Non che custa nada, nin vas pagar máis nin che van devolver menos.



SOLIDARIA
www.xsolidaria.org

O TEU XESTO CÁMBIAO TODO

Síguenos en   #xsolidaria





ELECCIÓN MUNICIPALIS

A Coordinadora presentou ao longo dos meses de abril e maio as súas propostas electorais para as eleccións municipais do 24 de maio aos partidos con representación no Parlamento e ás principais formacións políticas das cidades de A Coruña, Compostela, Lugo, Pontevedra e Vigo.

Para informar á cidadanía galega sobre as propostas das ONGD no marco das políticas municipais e promover a reflexión ante a cita electoral, púxose en marcha unha campaña de comunicación nas redes sociais. O obxectivo: concienciar sobre a implicación das políticas que se levan a cabo dende o ámbito local na loita contra a pobreza dentro e fóra de Galicia. É por iso que se escolleu o lema **'O 24M defende todos os concellos: pensa globalmente, vota localmente'** e o hashtag **#PensaGlobalVotaLocal**. Así, durante os últimos dez días da campaña electoral difundimos a través das contas de Twitter e Facebook da Coordinadora as nosas propostas electorais xunto ao apoio e colaboración das ONGD integradas na Coordinadora, así como de persoas vinculadas ao mundo da solidariedade.

As propostas electorais da Coordinadora baseáronse na promoción doutro desenvolvemento posible no que as persoas están no centro. Dividíronse en catro bloque temáticos: cooperación ao desenvolvemento, economía social, medio ambiente e defensa dos dereitos das persoas.



COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

A cooperación local é a política pública de cooperación ao desenvolvemento exercida dende as administracións locais. Ademais de contribuír ao desenvolvemento dos países empobrecidos é tamén un instrumento fundamental para promover a transformación social mediante accións de educación para o desenvolvemento que promovan unha cidadanía solidaria e comprometida coa defensa dos dereitos

humanos dentro e fóra das nosas fronteiras.

As ONGD pedimos aos concellos que se garantan dotacións orzamentarias suficientes para o desenvolvemento das políticas municipais de cooperación ao desenvolvemento. Para isto, deberán incrementarse as dotacións actuais ata chegar a unha dedicación mínima dun **0,2%** dos orzamentos xerais consolidados antes das seguintes eleccións municipais.

MEDIO AMBIENTE

As ONGD entendemos que os concellos deben responsabilizarse da **loita contra o cambio climático** a través de campañas de educación ambiental e boas prácticas dirixidas á cidadanía e de medidas para redución dos gases de efecto invernadoiro. O cambio climático é consecuencia directa dun modelo de produción e consumo incompatible coa vida

na Terra tal e como a coñecemos. É por iso que a economía social é imprescindible para acadar este obxectivo.

Outra das propostas das ONGD neste sentido é que o concello se declaren **libre de transxénicos** e rexeiten que se experimente e se cultive con este tipo de cultivos nos seus terreos.

ECONOMÍA SOCIAL

A economía social, ademais de ofrecer enfoques alternativos fronte ao funcionamento da economía capitalista, propón iniciativas prácticas en todos os ámbitos do ciclo económico (financiamento, produción, comercialización e consumo) colocando ás persoas e, en xeral, á sostibilidade da vida, no centro e como obxectivo da súa actividade.

Algunhas das propostas das ONGD son que os concellos promovan o **comercio xusto e o consumo responsable** entre a cidadanía e no inter-

no da administración local. Tamén, a través do **impulso da compra pública** ética na que se inclúen, entre outros, criterios de electrónica ética, alimentos ecolóxicos e de proximidade, material de construción local, servizos financeiros de banca ética, o uso do software libre nos equipos informáticos da administración... Son moitas as liñas de consumo dos concellos, motivo polo cal teñen a responsabilidade de promover dende dentro unha economía ao servizo das persoas.

DEFENSA DOS DEREITOS DAS PERSOAS

A xestión política, sexa dende o ámbito que sexa, debe basearse no respecto e garantía dos dereitos de todas as persoas. Por iso, as ONGD esiximos aos concellos que **garantan o respecto dos dereitos humanos** de distintos colectivos e culturas. Tamén, que adopten medidas reais e efectivas para eliminar a discriminación por motivos de xénero, etnia, idade, orientación sexual, etc., e promovan a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres. Por este motivo, tamén apoiamos as demandas da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia)

Por outra banda, facemos especial fincapé na aplicación do **dereito humano á auga** e pedimos a implementación da xestión do subministro con criterios de calidade, equidade social nas políticas tarifarias e boa gobernanza e transparencia. Tamén, na promoción ao **acceso á enerxía**, outro dos servizos básicos para unha vida digna, compromiso vinculado directamente coa erradicación da pobreza enerxética. A garantía dun **hábitat digno** e axeitado para a cidadanía e a aposta por **novos modelos de xestión social do entorno** tamén son parte das nosas demandas neste ámbito.



COMERCIO XUSTO

Un ano máis, as organizacións da Coordinadora Galega de ONGD, xunto con outros colectivos de economía social, organizamos durante os meses de maio e xuño o Día Mundial do Comercio Xusto para reivindicar a necesidade de consumir responsablemente: respectando os dereitos das persoas, as culturas e o medio ambiente.

Un dos principais obxectivos da campaña foi amosar á cidadanía galega que «xusto ao noso carón» existen produtos e servizos que non se sustentan en estruturas de comercio inxusto e insostible que perpetúa situacións de pobreza e a degradación do medio. Achegamos información sobre os produtos ecolóxicos de proximidade; sobre o café, o azucre e o cacao de comercio xusto; sobre a roupa que se produce respectando os dereitos das costureiras; sobre os aparellos electrónicos sen minerais sucios de sangue; sobre as bancas éticas que invisten en proxectos sociais e ambientais, etc.

Para visibilizar as alternativas e saír a rúa organizáronse, como ven sendo habitual os últimos anos, actividades en rúas e prazas de Galicia. Chegamos ata seis cidades (Vigo, Lugo, A Coruña, Compostela, Pontevedra e Vilagarcía) nas que participamos na organización de feiras de comercio xusto. Ademais de venta de produtos e mesas informativas, ofrecéronse obradoiros de todo tipo (maquillaxe, globofexia, elaboración de pezas textís a partir de refugallo), houbo degustación de produtos, desfile de roupa de comercio xusto, conta contos, charlas informativas, etc. Ducias de persoas puideron gozar das actividades e experimentar coas alternativas e propostas que ofrece a economía solidaria.

Nestas actividades participaron ONGD da Coordinadora (Solidariedade Internacional, Oxfam Intermón, Taller de Solidaridad, Panxea, Amigos da Terra, Mans Unidas, A Cova da Terra, Ecos do Sur, Asemblea de Cooperación pola Paz e Proclade) e outros colectivos e proxectos sociais como Fiare Galiza, Bico de Grao, Mercado da Terra, proxecto Cárcere, a Asociación Galega para a Bioconstrución, cooperativas de consumidoras, cooperativas de agricultor@s locais, artesanía, etc.





Aproveitando as festas de Nadal, unhas datas nas que na rede, na televisión e en calquera recuncho a publicidade convidanos a gastar para sentirnos mellor, a Coordinadora puxo en marcha unha campaña para promover o consumo responsable baixo o lema **Nestas Festas, e o resto do ano, non caías na trampa do consumismo!** e o hashtag **#ConsumoResponsable**. Para levala a cabo elaboramos cartelería específica e creamos un espazo web no que ademais de reflexionar sobre os procesos de produción, distribución e venda de determinados produtos, achegabamos alternativas no marco da economía solidaria nos ámbitos da alimentación, a tecnoloxía, a roupa, os xoguetes, etc. A campaña tivo presenza e impacto nas redes sociais e contou coa participación de persoas, colectivos e ONGD.





POBREZA CERO

A Coordinadora Galega de ONGD organizou a *Semana de loita contra a pobreza e as desigualdades* no marco da campaña Pobreza Cero coincidindo co 17 de outubro, día internacional pola erradicación da pobreza. A campaña cumpriu dez anos en 2015 e desde o seu nacemento estivo liderada pola Coordinadora Estatal de ONGD. En Galicia, a Coordinadora Galega é a encargada de organizar e mobilizar as accións da campaña.

Este ano, marcado pola crise migratoria, quixemos centrar as nosas reivindicacións na esixencia da garantía dos dereitos das persoas migrantes. Con esta campaña quixemos deixar claro que para as persoas e organizacións que forman parte da Coordinadora non existe ningunha diferenza entre escapar da guerra, a violencia ou a pobreza; entre fuxir da represión, a morte ou a fame. É por iso que baixo o lema **As persoas primeiro** esiximos o cumprimento dos dereitos das persoas migrantes; políticas sociais públicas de calidade para garantir os dereitos humanos de todas as persoas; e políticas coherentes coa xustiza social global.

En 2015, ademais, sumámonos á *Semana contra o Tratado Transatlántico de Comercio e Inversiones (TTIP)*, o acordo comercial entre a Unión Europea e Estados Unidos que pretende equiparar as normativas a ambos lados do océano e que busca rebaixar os dereitos das persoas e aumentar as privatizacións eliminando as barreiras ao comercio para crear un gran mercado que beneficie ás grandes empresas. Foron sete días de accións e actividades a nivel global en contra deste tratado que en Galicia tivo o centro de actividades e mobilizacións en Vigo.





Mural colectivo en Vigo e A Coruña contra a pobreza e as desigualdades

Este ano, as ONGD de Vigo e Coruña participaron na campaña Pobreza Cero coa a pintada dun mural colectivo. Nas dúas cidades convocouse á cidadanía a participar nesta actividade co obxectivo de deixar unha pegada nas rúas da cidade reivindicando os dereitos de todas as persoas. Ademais da pintada, leuse o manifesto e informouse a quen pasaba cal era o obxectivo da campaña. Na Coruña participaron 40 persoas de máis de 14 ONGD e, en Vigo, 50 persoas de máis de 10 organizacións que forman parte da campaña Impórtanos e a Redes Social Galicia Sur.



Acto coa Valedora do Pobo

O 16 de outubro a Coordinadora participou xunto coa Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia) e o CERMI, como ven sendo habitual os últimos anos, nun acto institucional coa Valedora do Pobo, Milagros Otero Parga, para demandar políticas que loiten contra a pobreza e as desigualdades en Galicia e a nivel global.



The background of the entire page is a repeating pattern of stylized hands holding hearts. Each hand is a dark purple color, and the heart it holds is a lighter purple. The hands are arranged in a grid-like fashion, with some hands facing up and some facing down, creating a sense of unity and care.

INCIDENCIA POLÍTICA





QUE É A INCIDENCIA POLÍTICA?

A incidencia política persegue a transformación das políticas municipais, nacionais e internacionais de cara a acadar a transformación social e un mundo xusto. As accións que se levan a cabo neste ámbito intentan influír nos organismos e nas persoas que dende distintos ámbitos toman decisións que afectan ao benestar das persoas. Tamén busca a mobilización e a implicación da cidadanía a favor das demandas de cambio.

ELECCIÓNS MUNICIPAIS

No marco das eleccións municipais do 24 de maio, e como xa ven sendo habitual nos procesos electorais, a Coordinadora traballou para incidir nos programas electorais dos distintos grupos municipais. O primeiro paso para a posta en marcha da campaña de incidencia foi elaborar un documento de propostas en materia de cooperación local e coherencia de políticas que se achegou aos distintos partidos con representación no Parlamento, para que incorporaran as propostas no seu programa marco; e aos grupos municipais dalgunhas das principais cidades galegas (o contido das propostas podedes consultalo no apartado de 'Campañas').

En total, mantivemos máis de 20 reunións: cos partidos con representación no Parlamento galego; e cos distintos grupos municipais de Compostela (4), Coruña (3), Vigo (5), Lugo (6) e Pontevedra (3). Ademais, en Coruña organizouse un debate sobre pobreza e desigualdade xunto á Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia) no que participaron representantes do PSdG, BNG e Marea Atlántica. O PP rexeitou o convite.





Ao finalizar a campaña houbo un proceso de avaliación de todo o traballo feito. Analizando como os partidos políticos cos que mantivemos reunións incorporaron parte das propostas da Coordinadora, atopamos referencias ou manifestacións explícitas a favor da política local de cooperación ao desenvolvemento en 16 programas dos 26 analizados. Destes 16 grupos municipais, 15 obtiveron representación nos concellos.

Ao longo de 2015, a Coordinadora solicitou reunións cos novos equipos de goberno para achegar as nosas propostas ao executivo municipal; e para lembrar os compromisos que cada formación política incorporou e adquiriu nos seus programas. En 2016 poderase comezar a valorar se todo o traballo de incidencia levado a cabo dende a Coordinadora tivo repercusión nas políticas municipais.

COOPERACIÓN GALEGA

A Cooperación Galega é nome que recibe a política pública de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia. Actualmente, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores é o departamento do goberno con competencias, orzamento e planificación sobre esta cuestión.

É por este motivo que a Coordinadora fai especial incidencia política coa cooperación galega coa vontade de mudar a política autonómica de cooperación. Neste sentido, e ao longo de 2015, traballou en diversas liñas:

- Seguimento. A Coordinadora mantivo xuntanzas periódicas coas persoas responsables da Dirección Xeral de Relacións Exteriores para facer seguimento e incidencia no desenvolvemento da política pública de cooperación galega e o Plan Anual de Cooperación Galega 2015.





- **Orzamentos.** A Coordinadora presentou aos partidos con representación no Parlamento unha proposta de emendas aos orzamentos da cooperación galega para 2016, que por terceiro ano consecutivo eran de 4,1 millóns de euros, unha cifra moi por debaixo das demandas do sector. Para iso, elaboramos un documento coas nosas propostas que dous dos grupos parlamentarios presentaron como emendas propias de forma íntegra (AGE e BNG) e outro como emenda parcial (PSdeG).
- **Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento (CONGACODE).** As 5 persoas representantes das ONGD galegas neste Consello, no que tamén participan representantes do goberno, as empresas, as universidades, etc., rexeitaron por segundo ano consecutivo o Plan Anual, neste caso de 2016, proposto polo goberno. O documento, que marca a estratexia da cooperación galega para 2016, foi aprobado por 13 votos a favor, 5 en contra e 1 abstención.
- **Consello Galego de Acción Voluntaria.** A Coordinadora ocupa unha vogalía neste Consello no que participou a finais de 2015 no proceso de aprobación da Estratexia de Acción Voluntaria 2015-2018.
- **Emendas ao borrador das convocatorias.** Como ven sendo habitual, a Coordinadora fai proposta de modificacións ao borrador das convocatorias que a Xunta de Galicia ten previsto publicar ao longo do ano.

O PAPEL DAS EMPRESAS NA COOPERACIÓN

En 2015 a Xunta impulsou a elaboración dun estudo sobre o papel das empresas galegas na cooperación ao desenvolvemento. A Coordinadora e as ONGD galegas fomos chamadas a participar nesta investigación para dar o nos punto de vista. Naquel momento a Coordinadora non tiña un posicionamento propio sobre o papel das empresas na cooperación, aínda que en 2014 intentou impulsar un proceso de reflexión neste sentido. Así pois, para poder abordar a cuestión, organizamos unha xornada de reflexión interna dinamizada por José Medina, da Plataforma 2015ymás, co obxectivo de consensuar entre as ONGD socias un posicionamento común.

Para iso, partimos do argumentario previo da Coordinadora Estatal de ONGD e das preguntas que a consultora encargada de elaborar o estudo nos trasladou. Como resultado da xornada de traballo, xurdiu un posicionamento común que aborda cuestións como que a administración ten que desenvolver mecanismos para que as empresas respecten os convenios internacionais en materia de dereitos humanos, medioambiente e dereitos laborais; e que de acordo ao modelo de desenvolvemento que procuramos as ONGD son as empresas de economía social as que promoven un tipo de desenvolvemento compatible cos valores que defendemos.



XORNADAS E FORMACIÓNS





XORNADAS DE REFLEXIÓN

A Coordinadora organiza todos os anos xornadas que teñen o obxectivo de promover a reflexión sobre cuestións específicas vinculadas co traballo que levamos a cabo as ONGD na defensa dos dereitos das persoas e a loita contra a pobreza e as desigualdades. Son xornadas abertas á cidadanía coas que buscamos xerar espazos de debate e promover o encontro de persoas, colectivos e organizacións de diversa índole. Esta ano organizamos, xunto a outras entidades e institucións, dous encontros diferentes.

Xornadas Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible: unha oportunidade real para acabar coa pobreza global?

A Coordinadora xunto a Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), coa colaboración da Plataforma 2015 y más, organizamos o 11 de setembro as xornadas *Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible: unha oportunidade real para acabar coa pobreza global?*, un encontro para coñecer a nova Axenda de Desenvolvemento que todos os gobernos deberán cumprir os vindeiros 15 anos. As xornadas celebráronse na Facultade de Xeografía e Historia da USC e contaron coa participación de máis de 100 persoas entre representantes de ONGD e administracións, estudantado, profesorado da universidade, etc.

As xornadas serviron para analizar a contribución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) na loita contra a pobreza extrema e como foi o proceso de construción deste novo calendario de accións de loita contra as desigualdades e a pobreza mundial. Para iso, contamos con máis de dez poñentes, entre os cales estaban **Koldo Unceta**, catedrático de Economía Aplicada da Universidade do País Vasco; **Yayo Herrero**, directora da FUHEM e militante ecofeminista; **José Medina**, da Alianza Española contra a Pobreza; e **Itziar Ruiz-Giménez**, coordinadora do Grupo de Estudos Internacionais (GERI) da Universidade Autónoma de Madrid.





As participantes coincidiron en dicir que a nova Axenda de Desenvolvemento ten unha maior profundidade á hora de analizar as causas da pobreza se a comparamos coa declaración do Milenio aprobada o ano 2000 polas Nacións Unidas. A nova Axenda vai máis alá da pobreza extrema, nomea as desigualdades, cuestiona a sostibilidade do planeta e incorpora a necesidade de que a axenda sexa universal e non só para os países empobrecidos. Aínda así, tamén coincidiron en dicir que os compromisos, as metas e obxectivos marcados non son claros e, polo tanto, os logros non poderán medirse. Tamén criticaron o que consideran un marco temporal insuficiente ante a necesidade de medidas urxentes; e o feito que a non aposta por un novo modelo de Desenvolvemento. A Axenda foi aprobada en setembro de 2015 e entrou en vigor en xaneiro de 2016.

Foro de investigación de Educación para o Desenvolvemento

No marco do inicio da elaboración da Estratexia de Educación para o Desenvolvemento (ED) por parte da Xunta de Galicia, a Coordinadora xunto á Solidariedade Internacional de Galicia, a Universidade da Coruña (UdC) e a cooperativa Tempo de Loira organizamos o *Foro de Investigación en ED e cidadanía global*. Foi os días 22 e 23 de outubro na Facultade de Ciencias da Educación da UdC e no Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA). No Foro participaron, en total, máis de 140 persoas entre estudantado, persoal vinculado ás ONGD, profesorado universitario e de educación primaria e secundaria, colectivos sociais, persoal da administración, etc.

A primeira xornada tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación da UdC e centrouse en analizar o actual momento que vive a ED tanto en Galicia como no Estado español. Houbo mesas co obxectivo de amosar datos sobre o impacto das accións da ED nas persoas e a sociedade en xeral. Tamén se promoveu un debate con catros persoas expertas do ámbito educativo sobre os retos, as dificultades e as grandes barreiras coas que as ONGD e os axentes educativos nos atopamos á hora de traballar eficazmente na promoción da cidadanía global.

Xa pola tarde tivo lugar unha mesa de experiencias en Galicia que serviu para visibilizar a diversidade de iniciativas que dende as aulas, os barrios e outros espazos informais están a xerar procesos de transformación persoal e colectiva que repercuten no entorno.

A segunda xornada contou cunha mesa centrada en analizar as estratexias española, andaluza e catalá de ED. E a partir do mediodía, o Foro centrouse na exposición dos resultados de traballos de investigación no eido da ED de distintas universidades españolas e portuguesas.





FORMACIÓNS TÉCNICAS

Un dos obxectivos estratéxicos da Coordinadora é fortalecer as capacidades técnicas das ONGD integradas promovendo a reflexión e achegando coñecementos sobre cuestións diversas (mellorar os procesos de comunicación, a captación e diversificación de fondos, etc). Para iso, todos os anos organizamos formacións dirixidas ao persoal técnico das ONGD, ao voluntariado, ás persoas socias, etc.

En 2015 ofrecemos catro formacións. Dúas foron obradoiros para mellorar a formulación dos proxectos que as ONGD presentan ás convocatorias de subvencións públicas. Outra, foi unha formación sobre diversificación de fondos; e a cuarta, un obradoiro de gravación e edición de vídeo.

Obradoiros de formulación de proxectos

O día 26 de marzo levouse a cabo un obradoiro para mellorar os proxectos de Educación para o Desenvolvemento (ED) que presentan as ONGD á convocatoria de ED da Xunta de Galicia. A cooperativa Tempo de Loira encargouse de dinamizar unha formación na que houbo tres partes diferenciadas: unha primeira dinámica para coñecer os procesos de traballo das organizacións presentes; un apartado específico sobre o ciclo do proxecto (identificación, matriz do proxecto, execución, seguimento e avaliación) e un breve repaso polo formulario da Xunta de Galicia. Por último, deixouse un espazo para as dúbidas.

Neste obradoiro participaron 34 persoas, a maioría das cales (30) eran mulleres

O outro obradoiro de formulación estivo centrado nos proxectos de cooperación exterior. Para a súa posta en marcha retomouse unha fórmula xa utilizada en 2012: as ONGD con máis experiencia dinamizaron a formación. O obradoiro celebrouse o 16 xullo e contou con dúas partes: a primeira, máis teórica, estivo enfocada a identificar e compartir boas prácticas para o deseño de proxectos de cooperación ao desenvolvemento en base á aprendizaxe de cada ONGD. A segunda, foi totalmente práctica e centrouse na formulación dun caso práctico. A dinamización do obradoiro foi da man de Arquitectura sen Fronteiras, Asemblea de Cooperación pola Paz e Enxeñería Sen Fronteiras. Participaron 15 persoas, a maioría das cales (13) eran mulleres.

Obradoiro de gravación e edición de vídeo

O obxectivo do curso era capacitar as ONG participantes no uso das ferramentas audiovisuais. Na liña de impulsar a mellora da comunicación que practican as ONGD, coordinouse un obradoiro teórico-práctico dirixido a persoas vinculadas ás ONGD para que as organizacións conten con persoas con coñecementos para a elaboración dunha peza audiovisual.

O obradoiro tivo lugar os días 8 e 9 de xullo en Compostela e contou coa dinamización da produtora Illa Bufarda. Co obxectivo de “aprender facendo”, a formación foi utilizada para que cada ONG fixese un vídeo propio de aproximadamente un minuto de duración que logo puideran utilizar no traballo diario ou nunha campaña específica.

Estableceuse un máximo de 20 participantes e 12 ONG co obxectivo de que puidese participar máis dunha persoa por entidade. Finalmente participaron 14 persoas, a maioría das cales mulleres (12) de 9 ONGD.



Curso sobre diversificación de fondos para ONGD

Este curso completa a liña formativa emprendida pola Coordinadora dende hai varios anos enfocada a mellorar as capacidades das ONGD para diversificar as súas fontes de financiamento, tanto públicas como privadas. O curso estivo centrado no acceso a fondos internacionais de cooperación. Celebrouse os días 24 e 25 de setembro en Compostela e contou coa dinamización de Javier Vallejo, consultor especializado na temática.

A formación fixo máis fincapé nuns financiadores multilaterais que noutros e puxo o foco, sobre todo, en EUROPEAID como financiador da UE de referencia. Ademais, e no lugar de presentar as experiencias de grandes ONGD con este tipo de financiamento, decidiuse adaptar este apartado á realidade galega e apostar por presentar experiencias de ONGD socias da Coordinadora. O obxectivo foi visualizar que entidades máis pequenas e de ámbito galego xa están traballando nesta liña e aproximar esta realidade a entidades semellantes que ata o de agora non tiñan traballado con financiamento internacional.

Ao curso asistiron un total de 24 persoas, a maioría mulleres (23).



The background of the entire page is a repeating pattern of stylized, light gray hands. Each hand is depicted with fingers spread, palm facing forward, and a circular shape at the wrist. The hands are arranged in a grid-like fashion, overlapping slightly, creating a textured, interconnected visual field.

TRABALLO EN REDE





Unha das liñas estratéxicas da Coordinadora é a de potenciar e afianzar alianzas estratéxicas con organizacións, institucións e colectivos cos que temos obxectivos comúns. En 2015 traballamos en rede con tres actores diferentes:

Rede de Coordinadoras Autonómicas de ONGD

A Coordinadora forma parte da Coordinadora Estatal de ONGD (CONGDE) e participa dende hai anos activamente na Rede de Coordinadoras Autonómicas, un grupo interno no seo da Coordinadora Estatal que traballa na defensa da cooperación descentralizada (a que se fai dende os gobernos autonómicos, as deputación e os municipios) e no que hai representación do resto das 16 Coordinadoras Autonómicas de ONGD que hai no Estado español. No marco deste grupo coordínanse actividades de incidencia, compártense datos e estratexias na defensa da cooperación descentralizada e ademais organízanse espazos de reflexión e intercambio. Exemplo disto son as reunións semestrais do Grupo e o encontro anual de tres días de duración que en 2015 tivo lugar en Burgos.

Por outra parte, a Presidenta da Coordinadora, Gema Filgueria, forma parte da Directiva da CONGDE ocupando o cargo de Vicepresidencia Segunda en representación das Coordinadoras Autonómicas.



Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia)

EAPNG Galicia é unha plataforma que aglutina organización do terceiro sector implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos dos colectivos en risco e da súa participación comunitaria plena.

En 2015, as dúas organización empezamos a compartir local, o cal facilitou unha maior coordinación e traballo en rede. Así, en setembro, convocamos unha xuntanza das máis de 160 organizacións integradas nas dúas plataformas para consensuar ás nosas demandas sobre o proceso de acollida das persoas refuxiadas. O resultado final foi un posicionamento común dirixido ás administracións públicas, aos medios de comunicación e á cidadanía en xeral no que achegamos información para entender e contextualizar a realidade desta crise migratoria e no que demandamos coherencia, responsabilidade e sensatez ás partes implicadas.





Tamén, e como ven sendo habitual nos últimos anos, a Coordinadora colaborou na organización do Foro sobre Exclusión Social e Pobreza que todos os anos organiza EAPN Galicia, especialmente no Ágora de Experiencias, unha actividade do Foro na que se amosaron proxectos e experiencias significativas. Por outra banda, colaboramos na posta en marcha conxunta da Campaña do X Solidaria (ver apartado 'Campañas') e na celebración dun acto conxunto coa Valedora do Pobo (ver apartado 'Campañas'). Por último, compartimos algunhas das demandas conxuntas durante as eleccións municipais que visibilizamos como tal.

Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD)

A RGCUD está conformada polas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, ten como finalidade promover o traballo en rede entre as Universidades galegas nos eidos da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento e a Educación para o Desenvolvemento. Neste sentido, organizamos as xornadas sobre a Nova Axenda de Desenvolvemento (ver apartado 'Formacións e xornadas').

Cidadanía global ao poder

'Cidadanía global al poder' é un proceso formativo e de incidencia que leva en marcha dende 2014. Foi impulsado pola Coordinadora Estatal de ONGD e dende entón foi abríndose a outros colectivos e organizacións. En 2015, a Coordinadora colaborou na organización do III Encontro 'Cidadanía al Poder' que os días 5 e 6 de xuño tivo lugar en Sevilla. E tamén participou activamente con 5 representantes.

No encontro debatéronse e puxéronse en común novas formas de traballo na apropiación de axendas e fórmulas máis flexibles, e abertas á participación, no proceso de construción da cidadanía global. E traballáronse estratexias para a aprendizaxe e a desaprendizaxe; para a resistencia e a creación; e falou-se da necesidade de incorporar as achegas e discursos dos feminismos nas prácticas diaria. O encontro contou coa participación de movementos sociais, medios de comunicación, administracións públicas, ONGD, persoas interesadas a nivel individual, etc. que seguiron en contacto durante todo o ano para poñer en marcha o seguinte encontro de 2016.



The background of the entire page is a repeating pattern of stylized, light blue icons. Each icon consists of a hand with fingers spread, positioned above a circular shape that resembles an eye or a lens. The pattern is dense and covers the entire surface.

COMUNICACIÓN



APRENDER

Xa en 2014, na Coordinadora empezamos un proceso de reflexión sobre a comunicación que levamos a cabo as ONGD e que se alongou ata 2015. Para poder facilitalo, organizamos unha formación bianual 2014-2015 para a elaboración de Plans de Comunicación.

En 2015, a segunda parte do proceso seguiu estando dinamizada pola cooperativa Tempo de Loira e centrouse en aspectos prácticos sobre como mellorar os procesos comunicativos nas ONGD. O 23 de febreiro celebramos un obradoiro dedicado a aprender a crear un plan de comunicación e a analizar que tipo de ferramentas de comunicación on line usamos e como o facemos. Logo do obradoiro, acompañouse ás ONGD dun proceso de atención individualizada. As entidades participantes que quixeron puideron acceder a asesorías individuais para a posta en marcha dunha campaña concreta ou dunha actividade comunicativa específica. Estas mentorías contaron con atención on line e cunha sesión presencial en cada caso.



Por outro lado, en 2015 seguimos co proceso de reforzar as ferramentas e as capacidades técnicas da Coordinadora no eido da comunicación. Por unha banda, potenciamos a nosa relación con xornalistas e cos medios de comunicación, sobre todo cos alternativos; organizamos unha formación sobre edición e gravación de vídeos (ver o apartado 'Formacións e xornadas') e a Comisión de Educación para o Desenvolvemento traballou e reflexionou arredor da comunicación para a transformación social.




TOMAR A VOZ

No ano 2015, a Coordinadora adaptou a súa estratexia de comunicación externa á estratexia xeral da organización e á realidade dos medios de comunicación en Galicia. Traballamos para difundir as actividades que levamos a cabo e, sobre todo, para dar voz ás ONGD galegas e difundir mensaxes nas que estea presente un discurso con vontade de transformación social.

Un dos obxectivos da Coordinadora para o 2015 foi seguir traballando para ter presenza de calidade nos medios de comunicación galegos, especialmente nos alternativos. Entendemos que nun momento como o actual, o papel fundamental da Coordinadora ten que ser o de explicar o traballo que desenvolven as ONGD, cal é a importancia do voluntariado, o imprescindible do cumprimentos dos compromisos políticos en materia de cooperación, a necesidade dunha sociedade crítica e comprometida... Pero tamén, ofrecer unha interpretación crítica e alternativa da realidade global poñendo un especial foco na concepción de que o “local é global”.

Para iso, marcáronse algunhas datas estratéxicas (día mundial do comercio xusto, día internacional para a erradicación da pobreza, etc.), e enviáronse notas de prensa de todas as actividades públicas organizadas pola Coordinadora. Tamén, un comunicado de posicionamento conxunto coa EAPN Galicia sobre a acollida das persoas refuxiadas.


Nos últimos anos, e aínda que a realidade dos medios de comunicación en Galicia mudou moito, conseguimos manter a nosa presenza (a nivel cuantitativo) nos medios de comunicación: diminuíu nos convencionais e aumentou nos alternativos.





NA REDE

O traballo de comunicación da Coordinadora vai máis alá dos medios de comunicación. Contamos dende hai máis de dez anos coa web **www.galiciasolidaria.org**, un portal de referencia para a información vinculada co traballo das ONGD en Galicia. Por outro lado, temos presenza en catro redes sociais.



EN XORNADAS E FOROS

Comunicar non é só enviar notas de prensa ou mover información a través das redes sociais: é algo moito máis integral. Por iso neste apartado incorporamos a participación que a Coordinadora tivo en xornadas, foros e seminarios para contar quen somos, que facemos e cales son os nosos obxectivos.

- 'Que é o comercio xusto?', charla no Mestrado de Estudos Internacionais da USC
- Presentación da Coordinadora no 'V Seminario de Xornalismo Social e Cooperación Internacional' organizado por AGARESO e ACPP



- 'Como comunicamos as ONGD?', no 'V Seminario de Xornalismo Social e Cooperación Internacional' organizado por AGARESO e ACPP
- 'Saídas profesionais no mundo da cooperación' no 'Foro Xuventude en movemento' da UdC
- 'Cooperación ou competencia entre as ONGD e as Universidades?' nas Xornadas de Cooperación Interuniversitaria organizadas pola REGACUD
- Participación no xurado do premio 'Imaxes con Fondo' do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
- Experiencia da Coordinadora nas 'I Xornadas de boas prácticas con Software Libre nas ONG's e Entidades de Acción Social' de AMTEGA
- 'Axencias de cooperación, axencias de noticias' no curso de verán 'Reportaxes sen Fronteiras' da USC



TRANSPARENCIA





FERRAMENTA DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

Xa no ano 2009, a Comisión de Normativa propuxo como instrumento de seguimento e cumprimento do Código de Conduta da Coordinadora a adopción da ferramenta de Transparencia e bo goberno. Esta ferramenta foi deseñada coma unha relación de indicadores obxectivamente verificables que, acompañada dunha metodoloxía de uso, permite verificar o grao de transparencia e bo goberno das ONGD e da propia Coordinadora. Por un lado, esta iniciativa quere ter un enfoque promotor da transparencia e o bo goberno entre as ONGD membro, identificando unha serie de parámetros que o conxunto do sector identifica como boas prácticas. E polo outro lado, a aplicación deste procedemento suporía un exercicio público de rendición de contas.

Ao longo do 2015 a Comisión de Normativa contactou coa Coordinadora Estatal de ONGD e outras Coordinadoras autonómicas que tamén estaban interesadas en implementar o proceso dos “Indicadores de transparencia e bo goberno” para traballar conxuntamente. Na Asemblea Extraordinaria de 2015, as ONGD da Coordinadora aceptaron aplicar os mesmos Indicadores e Selo de Transparencia que o resto de Coordinadoras Autonómicas. E a partir de aí a Comisión de Normativa elaborou un proceso regulador no que se establecen os tempos precisos para que todas as ONGD da Coordinadora superen os Indicadores, así como os procesos que se poder aplicar no caso que non os cumpran. Os anos 2016 e 2017, as ONGD terán que presentar a autoavaliación da ferramenta de forma voluntaria; no 2018 unha auditoría, aínda de forma voluntaria; e no 2019 unha auditoría obrigatoria.

Datos económicos 2015


INGRESOS 2015	
Cotas ONGD socias	9.600,00 €
Subvención Xunta de Galicia	90.000,00 €
Axudas Coordinadora Estatal	1.416,28 €
Diputación A Coruña	150,00 €
TOTAIS	101.166,28 €

GASTOS 2015	
Gastos correntes	9.257,58 €
Persoal	72.799,01 €
Actividades	20.465,14 €
TOTAIS	102.521,73 €



CON QUEN NOS REUNIMOS?

A Coordinadora mantivo ao longo do ano 2015 un total de 87 reunións externas. Os partidos políticos foron os actores con quen máis encontros mantivemos. O importante esforzo que se fixo durante as eleccións municipais para presentar ante os diferentes grupos municipais as propostas da Coordinadora en materia de cooperación local e coherencia de políticas explica a ampla porcentaxe que representan este tipo de reunións. En segundo lugar, atópanse as reunións mantidas con outras Coordinadoras Autonómicas e coa Coordinadora estatal. En terceiro, están as reunións con administracións públicas, na liña de traballo de representación institucional. Neste apartado atópanse as reunións cos equipos de goberno dos concellos, deputacións e coa Xunta de Galicia. Logo, por este orden, están as universidades, con quen estreitamos a relación coa posta en marcha da Rede Galega de Cooperación Universitaria; as entidades de economía social; outras plataformas; as ONG e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.



MEMORIA

DE ACTIVIDADES 2015

Coordinadora Galega de ONGD



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento

FINANCIA



cooperacióngalega



XUNTA
DE GALICIA